HOMILÍA DIALOGADA – III Domingo de Advento (Gaudete)

"Prepara o enxoval do corazón!"

Sacerdote:
Bos días, nenos e familias. Sabedes que domingo é hoxe?

Nenos:
(Responden) O terceiro de Advento!

Sacerdote:
Moi ben, e este domingo chámase… alguén o sabe?
Pista: significa *alegrádevos.*

Nenos:
Gaudete!

Sacerdote:
Exacto! Hoxe acendemos o terceiro cirio porque o Nadal está moi preto…
E imos preparar… o que?

Nenos: O enxoval do corazón!

1️⃣ VER – Que leva un enxoval de bebé?

Sacerdote:
A ver… cando un bebé vai nacer, que preparan os papás como enxoval?

Nenos:
(Cueiros, roupiña, biberón, toalliñas…)

Sacerdote:
Moi ben. E quen está a punto de nacer?

Todos:
Xesús!

Sacerdote:
Claro. Entón, igual que preparamos a casa cando chega un bebé,
temos que preparar o corazón para Xesús.

2️⃣ XULGAR – Que nos di Xesús hoxe?

Sacerdote:
No evanxeo, Xoán Bautista manda a preguntar a Xesús:
"Es ti o que esperamos?"
E Xesús responde falando de sinais:
"Os cegos ven, os coxos andan… os pobres reciben a Boa Noticia".

Sacerdote (aos nenos):
E que significa isto?
Que **cando Xesús está preto, suceden cousas boas**.
Imos preguntarnos xuntos:
Que cousas boas pode facer Xesús na miña vida esta semana?

- **Nenos:** ver o bo na casa, portarnos mellor, axudar…
- **Pais:** ter paciencia, coidar a familia, escoitar…

Sacerdote:
Moi ben.
O Anxo Gabriel –sabedes quen é, verdade? – foi o mensaxeiro que preparou a María e a Xosé.
Hoxe tamén nos di a nós:
"Preparade o enxoval do corazón para Xesús".

Que metemos no enxoval do corazón?

Sacerdote:
Imos dicir algunhas cousas que podemos meter dentro:

Neno 1:
Unha oración cada día.

Neno 2:
Un xesto de agarimo con alguén da miña casa.

Pai ou nai:
Un tempo de silencio sen móbiles.

Neno 3:
Un favor feito sen que mo pidan.

Sacerdote:
Perfecto! Todo isto é preparar o corazón.

3️⃣ ACTUAR – Ordena a túa vida e comparte

Sacerdote:
Xesús quere nacer no noso corazón, pero ás veces está

cheo de trastes:
malas caras, enfados, présas…
Que podemos facer?

Nenos:
Limpar! ¡Ordenar!

Sacerdote:
Iso: **limpar a mirada**, para ver a Xesús nos demais.
E tamén facer **un xesto de compartir**.

(Á asemblea)
Esta semana propóñovos, en familia, escoller **algo para Cáritas**:
un alimento, un pequeno regalo, un pouco de tempo.
Será un regaliño que poñemos no enxoval de Xesús.

Final: Alegría porque Xesús está cerca

Sacerdote:
Hoxe é domingo de alegría.
Imos acender o terceiro cirio recordando que **Xesús vén para enchernos de luz**.

Sacerdote:
Nenos, familias…
Queredes preparar o enxoval do corazón para Xesús?

Todos:
Si, queremos!

Sacerdote:
Entón esta semana, a abrir os ollos, a axudar e a compartir!
Que o Señor nos encontre espertos e alegres cando chegue.

Todos:
Amén! 🙏✨

HOMILÍA DIALOGADA – Curta

III Domingo de Advento – "Prepara o enxoval do corazón!"

Sacerdote:
Bos días, Nenos e familias. Sabedes que domingo é hoxe

Nenos:
O terceiro de Advento!

Sacerdote:
Moi ben, o domingo *Gaudete*, o domingo da **alegría**, porque Xesús está moi cerca!
E hoxe imos preparar… que?

Nenos:
O enxoval do corazón!

1️⃣ VER – O enxoval dun bebé

Sacerdote:
Cando vai nacer un bebé, que preparan os papás?

Nenos:
(Cueiros, roupiña, biberón…)

Sacerdote:
Exacto.
Pois como Xesús vai nacer, tamén temos que preparar o **noso corazón**.

2️⃣ XULGAR – Que nos di Xesús?

Sacerdote:
No evanxeo, Xesús di:
"Os cegos ven, os coxos andan… os pobres reciben a Boa Noticia".
Iso significa que **cando Xesús chega, pasan cousas boas**.

Sacerdote:
Que cousas boas podemos poñer hoxe no noso "enxoval"?

Nenos:
(Unha oración, un favor, un sorriso…)

Pais:
(Un xesto de paciencia, un tempo en familia…)

Sacerdote:
Iso é! Todo iso prepara o corazón para Xesús.

3️⃣ ACTUAR – Limpar e compartir

Sacerdote:
Ás veces o corazón ten "trastes": enfados, preguiza malas caras…
Que facemos?

Nenos:
Limpar!

Sacerdote:
Moi ben: **limpar a mirada** e facer un xesto de amor.
Esta semana propóñovos, en familia, preparar **un pequeno detalle para Cáritas**:
un alimento, un regalo, algo compartido.

Final

Sacerdote:
Imos acender o terceiro cirio con alegría.
Queredes preparar o enxoval do corazón para Xesús?

Todos:
Si!

Sacerdote:
Pois esta semana: a axudar, a sorrir e a compartir.
Xesús está cerca!

Todos:
¡Amén! 🙏✨

HOMILÍA – III Domingo de Advento (Ciclo A) SEN DIALOGO

"Prepara o enxoval do corazón!"

Queridos Nenos, queridas familias:

Hoxe é o **Terceiro Domingo de Advento,** o domingo da **alegría.** Por iso acendemos a **cirio rosa**. A Igrexa dinos: *"Alegrádevos, que o Señor está preto."*

E para axudar ao noso corazón para prepararse, hoxe quero que nos **imaxinemos un nacemento**. Xa sabedes que cando un bebé está a piques de nacer, os papás preparan a **enxoval:** cueiros, roupiña, toalliñas, un pequeno xoguete… todo o que fará falta cando chegue o Neno.

1. Ver: A enxoval… e nós?
Nestes domingos estivemos preparando o noso corazón:

– Con **Noé,** collemos o paraugas da **oración,** para acordarnos de Deus.
– Con Xoán Bautista, limpamos un pouco os **trastes** que estorban na nosa vida.

Hoxe aparece **o anxo Gabriel**, o mensaxeiro de Deus. e dinos:
"Prepara a enxoval do corazón, que Xesús está preto!"

E eu pregúntovos:
Que preparativos fan uns pais antes de que naza un Neno?

(Pano, roupa, leite, mantiña…).
Moi ben. e agora a pregunta importante:
Que podemos poñer nós na enxoval para acoller a Xesús?

2. Xulgar: O que Xesús nos di hoxe

No Evanxeo, Xoán Bautista manda a preguntar a Xesús se El é o Mesías. e Xesús non dá unha explicación longa; simplemente di:

"Os cegos ven, os coxos andan, os xordos oen, os mortos resucitan, os pobres son anunciados."

Noutras palabras:
"Mirade o que ocorre cando estou preto: nace a vida, a alegría, a esperanza."

Iso é o que quere Xesús de nós esta semana:
– Que **abramos ben os ollos** para ver as cousas boas que pasan en casa.
– Que **abramos ben os oídos** para escoitar a quen necesita agarimo.
– Que **abramos o corazón** para os que o pasan mal.

Iso é preparar a **enxoval do corazón**.

E que cousas podemos meter dentro?
– un tempiño de **oración,**
– unha **frase amable,**
– un **favor** na casa,
– un **xesto de agarimo** con algún compañeiro,
– algo que podamos **compartir** cos pobres a través de Cáritas.

Cada xesto é como meter un "cueiro" de amor, un "biberón" de alegría ou unha "mantiña" de consolo para Xesús.

3. Actuar: Ordena a túa vida e fóra trastes

Esta semana invítovos a tres cousas moi sinxelas:

1. **Seguide limpando os cristais da vosa mirada**, para ver a Xesús entre tantos ruídos e luces.
2. **Buscade un xesto de amor** na vosa familia: un abrazo, un perdón, un "*quérote*", unha axuda.
3. **Pensade xuntos na casa que compartiredes cos máis pobres** este Nadal. Pode ser comida, roupa, un donativo… algo que saia do corazón.

E cando acendades hoxe o **terceiro cirio** da Corona, pensade:
"Xesús, o enxoval do meu corazón estate esperando."

Queridas familias, Nenos:
O Nadal está moi cerca. Poñede alegría, poñede ilusión… pero sobre todo poñede **amor**, que é o que Xesús máis desexa encontrar cando chegue.

Amén.

POSIBLE ENVÍO FINAL PARA A MISA

(Para dicir xusto antes da bendición final)

Queridos Nenos, queridas familias:

Termos acendido o **terceiro cirio** da alegría porque Xesús está moi cerca.
El quere nacer no nosa corazón, na nosa casa e na nosa parroquia.

Por iso, os envío hoxe con esta misión:

"Levade a alegría de Xesús á vosa familia."

Que esta semana:
– vexades o bo que ocorre na casa,
– fagades un xesto de amor,
– e pensedes en algo que poidades compartir cos máis necesitados.

Que cada detalle sexa un regaliño no **enxoval do corazón** de Xesús.

E que María, que soubo preparar o seu corazón mellor que ninguén, vos acompañe nestes días de Advento.

Podedes ir en paz e con alegría, porque o Señor está cerca.



¡PREPARA LA CANASTILLA DEL CORAZÓN

VER



La canastilla de un bebé

JUZGAR



¿Qué guardamos en nuestra "canastilla"?

ACTUAR



Limpiá y comparte



Jesús, queremos preparar nuestra canastilla del corazón para Ti.

¡EL SEÑOR ESTÁ CERCA!